

IX XORNADAS APÍCOLAS DO EUME

24, 25, 26, 28 E 29 de OUTUBRO, CASA DO MEL – GOENTE – AS PONTES.

Días 24 e 25 de outubro.

(Esta actividade ten prazas limitadas con inscrición previa)

Curso na Casa Do Mel sobre "análise físico-química e polínicoa de meles".

- Monitor.- Antonio Gómez Pajuelo (biólogo e consultor apícola).

Día 25 de outubro ás 18,30 h. no salón de actos Casa Dopeso

Conferencia sobre "Calidade do mel".

- Conferenciante.- Antonio Gómez Pajuelo (biólogo e consultor apícola).

Día 26 de outubro na Casa Do mel Concurso de cata de meles

- Habrá diploma de recoñecemento ao mellor mel claro e para o mellor mel escuro.
- As mostras recolleranse ata o día 24 de outubro na Casa do mel
- O mel irá presentado ao concurso en botes de 1000 gr. baixos sen ningún tipo de etiqueta.

Días 28 e 29 de outubro.

Obradoiros de cera e de mel, para escolares na Casa do Mel.

- Extracción e envasado do mel
- Elaboración de candeas e flores con cera, distintas cores
- Proxección de vídeos apícolas
- Programas informáticos nos que se dá a coñecer a vida da abella
- Proba do mel con outros produtos da comarca

Día 1 de novembro

FEIRA DO MEL ARTESÁN DE FUNGOS E COGUMELOS
NAS PONTES.

Concurso de carteis: "Pintando as abellas"

- Poderán participar todos os mozos/as que cursen estudos de:
 - 1º ciclo de Ed. Primaria (1ª. Categoría)
 - 2º ciclo de Ed. Primaria (2ª. Categoría)
 - 3º ciclo de Ed. Primaria (3ª. Categoría)
 - 1º e 2º ciclos da E.S.O. (4ª. Categoría)
- Establécense catro premios de 100 € para comprar material escolar; un cartel finalista por cada categoría, dos cales o xurado elixirá o das próximas xornadas apícolas.
- O motivo do cartel é anunciar as X Xornadas Apícolas do ano 2009.
- A técnica será libre, lapis de cores, rotuladores, témperas, ceras, etc. e o tema estará relacionado coa apicultura. Non se admitirán traballos a ordenador.
- Aparecerá obrigatoriamente no cartel o seguinte texto: X Xornadas Apícolas do Eume.
- As medidas do cartel serán de 30 x 42 cms. como máximo.
- Só se poderá presentar un cartel por persoa e deberá ser inédito e orixinal.
- O prazo de presentación dos carteis rematará o 16 de outubro de 2008 ás 12:00 h.
- Os carteis serán entregados ou enviados a Casa do mel - Goente s/n, 15325 As Pontes, A Coruña. (teléfono: 661 003616 / casadomel@vodafone.es)
- O cartel deberá vir acompañado dun sobre pechado e coa seguinte información no seu interior: nome do autor, enderezo e teléfono de contacto.
- Os carteis premiados quedarán en propiedade da Asociación Galega de Apicultura Delegación do Eume.
- O xurado estará composto por persoas debidamente cualificadas sendo o seu fallo inapelable. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o premio.
- A Asociación Galega de Apicultura poderá utilizar a imaxe dos carteis gañadores noutras publicacións relacionadas ou non coas Xornadas Apícolas, así mesmo os carteis que non resulten premiados poderán ser expostos na Casa Do Mel.
- A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.
- Nota: os carteis non premiados, poderán ser retirados na Casa Do Mel durante o mes de decembro. Os non retirados neste período quedarán en propiedade da Asociación Galega de Apicultura Del. Eume.

ORGANIZAN:



TELF.- 661 00 36 16




ERICA - MEL
TELF.-981 50 81 42

PATROCINAN:



IX XORNADAS APÍCOLAS



Andrea Fraga Arnoso
Colexio.- Nebrija - Pardo Bazán.